

VIERNES, 25 de junio de 2010

REPORTAJE: ROLDA DAS LETRAS | LUCES

Ler é 'sexy'

DOLORES VILAVEDRA | 25 JUN 2010

Por se non o sabían. Ademais de moitas outras cousas, todas elas moi louvables, ler é sexy. Graciñas a Iolanda Zúñiga, gañadora do Premio Xerais de novela 2010, por lembrárnolo na camiseta que vestía cando recolleu o galardón. Unha ás veces esquece ese tipo de obviedades, sobre todo nos tempos que corren. Moitas fomos á Illa de San Simón pouco predispostas á autocompaixón choromiqueira, e con pouca vontade de mentar -nin para criticalo!- este goberno da pataqueira que nos tocou. Iso sería case unha aldraxe a lugar tan fermoso e á memoria sagrada que a illa garda. E velaí que as palabras que soaron foron outras. Iolanda Zúñiga levantounos a autoestima ao sinalarnos o roteiro que nos leva ao futuro: fe no que somos, entusiasmo polo que facemos, curiosidade para deixarmos á marxe os vieiros rozados e confianza na nosa capacidade para mudar as cousas. Ese é o caderno de bitácora das novas xeracións que están xa a tecer a rede da cultura galega de hoxe, de mañá. Alí, en San Simón, víronse este ano moitas caras novas, moitos mozos e mozas que no currículo só teñen afouteza e creatividade, pero que nos están a devolver a esperanza. Facédesnos falla para non sucumbirmos á síndrome de *liliput* que os nosos gobernantes teiman en nos inocular.

**A historia da literatura terá
que empezar a falar da
Xeración Merlín**

**Como contrapunto ao
entusiasmo, a oferta nos
andeis é máis ben discreta**

Que dúas mulleres gañasen o Xerais e o Merlín é un feito que non debera sorprendernos, pois espella o protagonismo que están a ter na nosa literatura, visualizado tamén no feito de que Fina Casalderrey actuase coma mantedora do acto. Pero entre Iolanda Zúñiga e Teresa González Costa hai máis coincidencias, comezando polas xeracionais. Elas son xa froitos logrados da Xeración Merlín, esa que se iniciou á lectura en galego hai vintecinco anos da man de Úrsula Heinze, de An Alfaya, de Gloria Sánchez... Público novo do trinque, que debulla nas letras coma quen rilla chocolate e do que saíron docentes

entusiastas, lectores apaixonados e escritoras coma Iolanda e Teresa. Si, se cadra, a historia da literatura, tan amiga ela de etiquetas, terá que empezar a falar da Xeración Merlín. Porque, se o futuro está na mocidade, cómpre lembrarmos que temos historia. E o 13 de xuño, en San Simón, celebramos tamén as vintecinco primaveras que cumpriu o Premio Merlín de literatura infantil.

Non sei se os aires da ría levarían ata Cangas do Morrazo as voces ledas da illa. Se así foi, seguro que os señores da Academia Galega alí reunidos para recibir ao poeta Bernardino Graña tomaron nota dos ventos que corren. A próxima vaga, para unha muller. Por se queren ideas, velaquí van algunhas: María Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Ana Romaní. Xa digo, só algunhas. Ah, e por se dubidan do que lles digo e pensan que iso de "ler é sexy" non é máis que márketing, bótenlle un ollo a un libro que se titula *As mulleres que len son perigosas*, de Stefan Bollmann. Seguro que se convencen.

- Oferta discreta. Como contrapunto a tanto entusiasmo, a oferta dos andeis de libros é ben máis discreta, fóra dalgúns sorpresas agradables, coma o libro de partituras *Once*

baladas galegas. Versión sinxelas para piano, onde os principiantes atoparán versións asequibles, preparadas por Rogelio Groba, para acompañar textos de nós tan coñecidos como *Lela*, de Castelao, ou *Unha noite na eira do trigo*, letra de Curros Enríquez e música de Castro Chané. Unha boa ocasión para que as novas xeracións coñezan ao vivo a nosa música e a nosa poesía.

Entre as novidades literarias máis recomendables salienta *O coitelo en novembro* de Marilar Aleixandre. O que nun principio parecía ía ser unha colectánea de relatos dispersos converteuse, grazas á fantasía e ao traballo da autora, nun labirinto metaliterario onde os soños e a realidade se confunden, onde os camiños da historia e da literatura se entrecruzan de xeito inextricable e o apócrifo pode ser estratexia de evasión e labazada de realidade. Un libro dotado dunha coherencia pouco común, malia a súa natureza centrífuga, e no que se atopan algunhas pezas antolóxicas. A magna *Anthology of Galicia Literatura/Antoloxía da Literatura Galega* preparada por Jonathan Dunne sinala, na miña opinión, un dos camiños polo que o noso sistema literario se debe encarreirar na loita pola súa supervivencia: o da colaboración entre empresas (aquí Xerais e Galaxia), neste caso abenzoada co apoio da Xunta, cuxa ausencia resultaría incomprendible nun proxecto coma este, un proxecto de equipo, que reúne entre antologadores e tradutores máis de cento vinte persoas, e que por iso mesmo refuga a vocación totalizadora e canonizadora que adoita subxacer a todo desafío antolóxico. O que resoa aquí é nunha polifonía de voces, o eco actual da nosa historia literaria. A excepcional calidade das traducións ao inglés fai deste libro unha aposta de futuro.

Entre os retornos, moitos que non achegan nada de novo. Velaí o caso de Miguel Suárez Abel, incapaz de sorprendernos malia levar tantos anos ausente do noso panorama literario. Tampouco afina Xabier López Rodríguez en *Hai que ir morrendo*, unha obra que se presenta en boa medida como unha autoparodia desinhibida do protagonismo que na nosa cultura ten a morte pero na que o autor non acada o nivel de intensidade argumental e de elaboración estilística que amosara en *Destrución*.

Pola contra, as voces de Xurxo Borrazás e Xavier Queipo sempre traen un aquel de refrescante, desafiando as expectativas de quen le. Logo xa convencerán máis ou menos, segundo o caso, pero a estes autores non se lles pode negar as ganas de provocar. As *Cartas marcadas* do primeiro son un mangado de reflexións imprescindibles para todas as persoas que seguimos intrigados polo poder da palabra e pola natureza da literatura. En *Covalladas* Borrazás dá un pinchacarneiro menos sorprendente -para os que seguimos a súa traxectoria- do que a primeira vista pode parecer, e constrúe unha alegoría transparente da sociedade contemporánea na que ecoa Swift, pero tamén Celso Emilio, as lendas tradicionais galegas e Platón, e na que a contraposición entre prosa horizontal e vertical válelle para visibilizar dúas maneiras posibles de estar no mundo.

- Máis sobre Novoneyra. Xa en eidos máis convencionais, a Fundación Manuel María anuncia a edición paseniña de toda a obra do autor, e faino recuperando un libro inédito, *Cecais hai unha luz*, de 1979. Parabéns polo camiño encetado, no que cómpre que a fundación sexa esixente ao máximo co rigor filolóxico no labor de fixación e anotación dos textos, e non sucumba -como se ten feito tantas outras veces cos nosos clásicos- ás presas e á improvisación.

O devalar da maré das letras de maio déixanos unha alfaia en forma de ensaio: *A man que caligrafando pensa*, quizais a máis orixinal achega á escrita de Novoneyra das aparecidas nos últimos meses. Un libro no que Carlos Paulo Martínez-Pereiro amosa outra volta a súa erudición para contextualizar na historia das letras e das artes a dimensión plástica e física da escrita do poeta.

E, se queren argumentos para resistir, fáganse con *Non conciliados. Argumentos para a resistencia cultural*. Libro de aparencia modesta, editado polo Cineclub de Compostela e

concebido como unha "caixa de ferramentas" ou "artefacto de urxencia" contra a superestrutura ideolóxica que sostén os modos de produción artística e cultural dominantes. *Non conciliados* reúne un abano de propostas que van dende os apuntes para unha epistemoloxía da resistencia cultural que nos ofrece o crítico Isaac Lourido a achegas máis creativas, pero non por iso menos suxestivas, coma a da poeta Xiana Arias. O ramo pono o filósofo esloveno Slavoj Žižek, que nunca decepciona. A ler en pímulas, para que dure máis tempo e se cadra consigamos dixerir a convicción de que outro mundo é posible.